

PREZOS ACTIVIDADES

- As aulas grupais (pandeireta e canto, baile tradicional, pandeira, pandeiro cadrado e brinquedos musicais) terán un custe mensual de 25 €. Os alumnos das aulas grupais poderán acceder tamén á aula COMBO cun incremento de 5 € na súa cota mensual.
- As aulas do itinerario Leirados (clarinete, acordeón diatónico, gaita, violín, zanfona, percusión) terán un custe mensual de 35 €, e inclúen dúas sesións lectivas semanais de 60 min. (aula de instrumento + aula COMBO).
- A aula de costura e traxe tradicional terá un custe mensual de 30 €, e desenvolverá-se nunha sesión semanal de 120 min.

SOBRE AS COTAS DE SÓCIO

- Todos os sócios terán que abonar unha cota anual de 20 € de maneira íntegra no momento de se matricularen na escola -se non eran sócios con anterioridade-; e nos sucesivos anos, no mes de Agosto ou Setembro (segundo a decisión da Asemblea Xeral de Sócios).
- Os/as sócios/as obterán descontos nas actividades (consultar mais abaixo).
- **A condición de sócio é independente da asistencia a actividades da escola: a alta ou baixa de sócio non implica a alta ou baixa nas actividades, e vice-versa.**

DESCONTOS APLICÁBEIS

- Todos os sócios terán un desconto de 5 € na cota mensual de cada actividade na que se matriculen.
- Na escola infantil Tátara-Tátara, ademais, aplicará-se un desconto do 10% en cada matrícula para membros da mesma unidade familiar coas cotas domiciliadas no mesmo número de conta (10% de desconto na matrícula de cada irmán / 10% de desconto na matrícula dunha segunda actividade do mesmo alumno).

ABONO DAS COTAS

- Todas as cotas se abonarán a través do seu banco/caixa sen cargo adicional por gastos de domiciliación, no número de conta facilitado na ficha de sócio ou na ficha de inscrición.
- A cota de sócio/a pasará-se a cobro en Agosto ou Setembro (segundo a decisión da Asemblea Xeral de Sócios) e as das actividades a comezos de cada mes.
- No caso de impago bancario dunha cota, os gastos derivados de xestión pola devolución correrán a cargo do/a alumno/a.

PRAZO DE MATRÍCULA

- **O prazo de inscrición nas actividades remata o 30 de setembro, prorrogábel ata o 30 de outubro. A matriculación fará-se por rigorosa orde de inscrición.**
- A inscrición realizará-se mediante e-mail á conta info@trepia.org, facendo constar nome e apelidos, xunto co título do(s) curso(s) que desexa matricular.

- A inscrición formalizará-se no momento de entregar debidamente cuberta a ficha de inscrición (dispoñible na web www.trepia.org) co número de conta onde se deben domiciliar as cotas*.

** No caso de ser sócio da A.C. Trépia -con anterioridade ou no momento de realizar a matrícula- os datos bancários deberán constar na ficha de sócio (tamén dispoñible na web Trépia).*

PERÍODO LECTIVO / CONDICIÓN DE BAIXA NAS ACTIVIDADES

- O curso comezará o 1 de Outubro de 2015 e rematará o 31 de Maio de 2016
- Serán períodos vacacionais (non lectivos):
 - **Vacacións nadal:** do 23 de decembro de 2015 ao 10 de xaneiro de 2016
 - **Vacacións entroido:** 8, 9 e 10 de febreiro de 2016
 - **Vacacións Semana Santa:** 19 a 27 de marzo de 2016
 - **Festivos:** non haberá aulas nos días marcados como festivos oficiais (12 de outubro, 2 de novembro, 8 de decembro e 17 de maio).
- O/a alumno/a poderá dar-se de baixa dunha actividade avisando por mail a info@trepia.org, preferentemente no mes anterior a ser efectiva a baixa, e sempre **antes do día 20 do mes en curso**. O/a alumno/a deberá pagar o importe íntegro da mensualidade do mes no que asista á última aula.

NOTAS:

- As aulas que non acaden un mínimo de alumnos poderán ser suprimidas.
- Os horarios poderán sufrir modificacións durante o período de inscricións, en función das necesidades da escola.